

INFORMACIÓN DE MATRICULA PARA ALUMNADO DE ESO E BACHARELATO

PRAZOS DE MATRÍCULA:

Promocionados xuño: Do 25 de xullo ata 10 de xullo

Promocionados setembro: Do 1 ao 10 de setembro

Pódese recoller a documentación no Instituto ou ben imprimila dende a páxina web do centro e cumprimentala na casa

Recoméndase imprimila e traela ao Instituto xa cumprimentada (aforra moito tempo)

Documentación a presentar:

PARA TODO O ALUMNADO

1. Documento chamado “**Sobre de matrícula**” (elixir o pertinente) con todos os campos debidamente cumprimentada e asinado pola nai / pai / ou titor legal da/o alumna/o. Prégase facilitar enderezos e teléfonos actualizados (*se non cambiaron respecto ao curso pasado, non cubrir este apartado*) e que se o modifican ao longo do curso, o notifiquen canto antes á Administración do Instituto.
2. Cumprimentar o documento chamado “**Anexo III.2. Doc. ESO**” se se é alumno/a ESO e o documento chamado “**Anexo III-3. Doc. BACH.**” se se é alumno/a Bacharelato.
3. **2 fotografías** de tamaño carné actuais (ano 2013) co nome e 1º apelido escrito detrás; no caso de ser usuario de transporte escolar **3 fotografías**.
4. **Fotocopia do DNI ou pasaporte** por ambos lados e coas dúas fotocopias na mesma cara do folio (lémbrese que é obrigatorio ter o DNI para as alumnas/os que teñan cumpridos os 14 anos segundo o R.D. 196/1976 de 5 de febreiro).
5. Alumnado de nova incorporación: **Boletín coas últimas cualificacións** ou certificación académica.
6. Cumprimentar o documento da ANPA se se quere ser socio.

PARA ALUMNADO 1º E 2º ESO

7. **Fotocopia da tarxeta de seguridade social**, por ambos lados e coas dúas fotocopias na mesma cara do folio.

PARA ALUMNADO 3º, 4º ESO e BACHARELATO

8. **Pago en efectivo de 1,12 € en concepto de Seguro Escolar Obrigatorio** (Prégase traer o importe xusto para axilizar a matrícula).

PARA ALUMNADO QUE SOLICITA AXUDA PARA COMPRAR LIBROS DE TEXTO

9. Cumprimentar documento “**Solicitud Axuda. Anexo I**” (Ver “**Instruccións para solicitar axudas**”)

